

# 2<sup>A</sup>

# carreira pedestre

# CONCELLO DE VIMIANZO

26 maio 2013

## REGULAMENTO DA PROBA



**COLABORAN**



**Clínica VIMIANZO SAÚDE**  
 medicina xeral - fisioterapia - xinecoloxía  
 dietoterapia - acupuntura

**Viraxes**  
 Servizos deportivos

**GERCA**  
 ACEIRO E METAL

**INDUPLAN**

**WMA Electra del Gayoso s.l.**  
 C/ Casali, n.º 20  
 Teléfono 902737301  
 15129 VIMIANZO (A Coruña)

**Imprenta breogan**  
 C/Braña da grixca, s/n  
 Vimianzo (A Coruña)  
 Tlf./Fax. 981 717 257  
 981 716 108  
 imprenta\_breogan@hotmail.com

**PETROSONEIRA BERDEOGAS**  
 Telf.: 981 71 61 49 VIMIANZO - Telf.: 981 75 01 02 DUMBRÍA  
**ESTACIONES DE SERVICIO**  
**GASOLEOS A DOMICILIO VIMBER S.L.**  
 Telf.: 981 71 61 11 VIMIANZO

**MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN PEREZ REYS S.L.**  
 C/ Outeiro, 94 - 15121 PONTE DO PORTO - A Coruña  
 Telfonos: 981 72 00 39  
 866 99 66 91  
 981 70 50 10  
 César: 608 57 32 42

**ALMACÉN VIMIANZO**  
 Telfonos: 981 71 72 15  
 873 12 90 53  
 Javier: 603 58 36 22

**Grupo ALCONGAL**

**PubliSoneira IMPRENTA**  
 T 981 717 248  
 M 647 856 787  
 B Blanco Rajoy, 66  
 15129 - VIMIANZO (A CORUÑA)  
 publisoneira@hotmail.com





# II Carreira Pedestre Concello de Vimianzo

*Regulamento de competición*

## II CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE VIMIANZO

**10 KM. aproximadamente**

**26 de maio de 2013**

**SAÍDA E META: PRAZA DO CONCELLO (VIMIANZO)**

### ANTECEDENTES E FILOSOFÍA DA PROBA

A Carreira Pedestre do Concello de Vimianzo nace no ano 2012 ante o auxe desta práctica entre os veciños do noso concello. Esta proba ten un carácter popular, non profesional, na que pode participar todo o que o desexe. Coa organización deste tipo de eventos o Concello de Vimianzo segue a traballar no fomento da práctica de actividade física saudable.

### INSCRICIÓNS: 300 prazas

As inscricións estarán limitadas a 300 participantes na categoría absoluta (junior, senior, M40 e M50) e poderán formalizar a súa inscrición a través da web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) ata o día 22 de maio. O prezo da inscrición será de 2 €. Todos aqueles deportistas que non teñan chip en propiedade deberán pagar ademais 1 € polo aluguer do mesmo.

Os atletas do resto de categorías (benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil) que desexen participar na proba deberán formalizar a inscrición na oficina de deportes do Concello de Vimianzo ou en [deportes@vimianzo.es](mailto:deportes@vimianzo.es) *As inscricións serán gratuítas para estas categorías e os participantes non levarán chip.*

Na web do concello ([www.vimianzo.es](http://www.vimianzo.es)) poderedes descargar un formulario de inscrición e a autorización paterna para cumprimentalos e envialos por email. Os **datos obrigatorios** nas inscricións son **NOME E APELIDOS, DATA DE NACEMENTO, NIF CON LETRA, INDICAR SE É FEDERADO E O NOME DO CLUB Ó QUE PERTENCE, LOCALIDADE, E-MAIL DE CONTACTO, TELÉFONO DE CONTACTO.**



# II Carreira Pedestre Concello de Vimianzo

*Regulamento de competición*

O prazo de inscrición **pecharase** o día **22 de maio** ou no momento en que se cubran as 300 prazas ofertadas.

## **COTA DE INSCRICIÓN:**

Só deberán pagar cota de inscrición os/as participantes na carreira de 10 km.

Prezos:

- 2 € aqueles corredores que teñan chip en propiedade.
- 3 € aqueles corredores que precisen alugar o chip.

*O pago deberá facerse exclusivamente a través da web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)*

## **HORARIOS**

- 09:30 horas: apertura da mesa de entrega de dorsais
- 10'30 horas: saída carreira categorías Xuvenil e Cadete
- 11:00 horas: saída carreira categoría Infantil
- 11:20 horas: saída carreira categoría Alevín
- 11:30 horas: saída carreira categoría Benxamín
- 12'00 horas: saída carreira categoría Junior, Senior, M40, M50
- 13:00 horas: Entrega de trofeos

A organización da proba advirte que os horarios previstos poden sufrir variacións.



# II Carreira Pedestre Concello de Vimianzo

*Regulamento de competición*

## REGULAMENTO XERAL

1. A carreira estará controlada mediante cronometraxe electrónica pola empresa CHAMPIONCHIP.
2. As inscricións estarán limitadas a 300 participantes en adultos.
3. A saída e a meta estarán situadas na Praza do Concello. O tempo máximo de duración da proba 10 km será de 1 hora a partir da entrada en meta do primeiro corredor.
4. A Organización porá a disposición dos participantes un fisioterapeuta, así coma servizo de ambulancia e médico para aqueles atletas que presenten algún síntoma de lesión.
5. A mesa para a entrega de dorsais e chips abrirase ás 9:30 e permanecerá aberta ata 45 minutos antes do inicio da proba. Calquera atleta con problemas médicos (alergia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba. **Xunto co dorsal e o chip farase entrega da camiseta conmemorativa (carreira de 10 km). A organización agradecería ós atletas que corresen a proba con ela sempre e cando sexa posible.**
6. Á hora de facer as inscricións os atletas deberán facer constar a talla da camiseta e o nome que vai figurar no dorsal. A organización garante dorsal personalizado e a talla solicitada para todas as inscricións feitas antes do 19 de maio.
7. Todos os participantes inscritos estarán amparados por una póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil concertada polo Concello de Vimianzo. Estarán excluídos os derivados dun padecemento latente, imprudencia, negligencia, inobservancia das leis,... Tamén quedarán excluídos os producidos por desprazamentos a ou dende o lugar no que se desenvolve a proba.
8. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.
9. Establécense as seguintes categorías:
  - A) Benxamín-Prebenxamín: 2004-2007 (Distancia: 300 m aproximadamente.)



# II Carreira Pedestre Concello de Vimianzo

*Regulamento de competición*

- B) Alevín: 2002-2003 (Distancia: 700m aproximadamente).
  - C) Infantil: 2000-2001 (Distancia: 1,2 km aproximadamente).
  - D) Cadete 1998-1999 (Distancia: 2,2 km aproximadamente).
  - E) Xuvenil1996-1997: (Distancia: 2,2 km aproximadamente).
  - F) Absoluta: (Distancia: 10 km aproximadamente).
  - G) Junior-promesa: 1991-1995 (Distancia: 10 km aproximadamente).
  - H) Senior: 1990 ata veterán (Distancia: 10 km aproximadamente).
  - I) M40: de 40 a 49 anos - ámbolos dous incluídos (Distancia: 10 km aproximadamente).
  - J) M50: a partir de 50 anos – incluídos (Distancia: 10 km aproximadamente).
10. A clasificación será absoluta e por categorías. Os trofeos non serán acumulables. No caso de que un mesmo atleta obteña trofeos en varias categorías entregaráselle o de maior “rango”.
11. Establécense os seguintes premios:
- Trofeo aos 3 primeiros clasificados en categoría absoluta tanto masculino como feminino (tres primeiros homes e tres primeiras mulleres en cruzar a liña de meta).
  - Trofeo aos 3 primeiros clasificados en cada categoría (benxamin, alevín, infantil, cadete, xuvenil, junior, senior, M40, M50).
  - Trofeos ás 3 primeiras clasificadas en cada categoría (benxamin, alevín, infantil, cadete, xuvenil, junior, senior, M40, M50).
  - Trofeo ao mellor clasificado e clasificada empadroados ou nados no Concello de Vimianzo.
  - Trofeo ao corredor de máis idade.
  - Camiseta para tódolos participantes na carreira de 10 km que rematen a proba e entreguen o chip no caso de non ser de propiedade do deportista.
  - Medalla para tódolos participantes nas categorías benxamín e alevín participantes.
12. A organización contará coa colaboración de organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido.
13. Todos os atletas que cheguen á meta sen dorsal ou o chip, serán



# II Carreira Pedestre Concello de Vimianzo

## *Regulamento de competición*

descalificados. Unha vez rematada a proba os participantes que alugaran o chip deberán devolvelo á organización na zona habilitada para tal efecto.

14. O percorrido estará sinalado cada quilómetro. Existirá 1 posto de avituallamento, aproximadamente no quilómetro 5 ó paso por meta. Tamén haberá avituallamento ó remate da proba.
15. Debido ao carácter estritamente deportivo e popular da proba non se admitirán reclamacións. A participación é libre e leva implícito a aceptación do Regulamento Xeral da proba. O Concello de Vimianzo, así como a Comisión Organizadora non se farán responsables dos danos físicos, morais ou materiais que ocasione a participación nesta carreira. O non recollido no mesmo resolverase segundo o criterio da comisión organizadora, sendo as súas decisións inapelables.
16. Todos os participantes, polo feito de tomar a saída na Carreira, aceptan o presente Regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña o Comité Organizador.
17. A Organización porá a disposición dos participantes na carreira o pavillón polideportivo para que se poidan cambiar e duchar. Tamén se informa que en dita instalación non hai servizo de garda roupa e de que o Concello de Vimianzo non se fai responsable da perda de obxectos persoais dos deportistas.  
Así mesmo infórmase de que a organización habilitará o patio do colexio (situado ó lado do pavillón) como aparcadoiro para os deportistas.
18. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.
19. Descalificacións:
  - O servizo médico da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
  - Todo atleta que non realice o percorrido completo.
  - O atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a Organización.






# II Carreira Pedestre Concello de Vimianzo

*Regulamento de competición*

## PERCORSO

### Descrición do percorrido para a proba de 10 km:

As categorías Junior, Senior, M40 e M50 completarán dúas voltas a un circuito para percorrer aproximadamente 10 km. O desnivel medio do percorrido achégase ó 2%. O percorrido estará sinalizado con frechas de cor verde para a primeira volta e de cor laranxa para a segunda volta. O percorrido figura na imaxe inferior.





# II Carreira Pedestre Concello de Vimianzo

*Regulamento de competición*

## **Descrición do percorrido para a proba benxamín-prebenxamín (2004-2007):**

Os atletas da categoría benxamín percorreren unha distancia aproximada de 300 m. sobre un percorrido que sairá da liña de saída, situada a altura da Praza do concello, na rúa Vázquez Mouzo. Pasará pola rúa do Candil, rúa Rosalía de Castro, rúa Curros Enríquez e outra vez rúa Vázquez Mouzo para chegar á meta.



Percorrido categoría benxamín



Percorrido categoría alevín

## **Descrición do percorrido para a proba alevín (2002-2003):**

Os atletas da categoría alevín percorreren unha distancia aproximada de 700 m. sobre un percorrido que sairá da liña de saída, situada a altura da Praza do concello, na rúa Vázquez Mouzo. Pasará pola rúa do Candil, rúa Rosalía de Castro, rúa do Vilar e outra vez rúa Vázquez Mouzo para chegar á meta.






# II Carreira Pedestre Concello de Vimianzo

*Regulamento de competición*

## **Descrición do percorrido para a proba infantil (2000-2001):**

Os participantes en categoría infantil percorreren unha distancia aproximada de 1.200 m. sobre un percorrido que sairá da liña de saída, situada a altura da Praza do concello, na rúa Vázquez Mouzo. Pasará pola rúa do Candil, rúa da Braña, rúa Rosalía de Castro, rúa do Vilar e outra vez rúa Vázquez Mouzo para chegar á meta.



Percorrido categoría infantil



Percorrido categorías cadete e xuvenil

## **Descrición do percorrido para as probas cadete (1998-1999) e xuvenil (1996-1997):**

Os corredores das categorías cadete e xuvenil deberán percorrer unha distancia aproximada de 2.200 m. sobre un percorrido que sairá da liña de saída, situada a altura da Praza do concello, na rúa Vázquez Mouzo. Pasará pola rúa do Candil, rúa da Braña, estrada da Toxa, rúa do Vilar, rúa Tras do Muiño e outra vez rúa Vázquez Mouzo para chegar á meta.

**Organización desta carreira aproveita a ocasión para agradecer a súa participación.**

**MÁIS INFORMACIÓN**

**Concello de Vimianzo: 981-716001 (ext 233) [deportes@vimianzo.es](mailto:deportes@vimianzo.es)**

**[www.vimianzo.es](http://www.vimianzo.es)**

**[www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)**